



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Pedagogía da expresión musical	Código	652G01036		
Titulación	Grao en Educación Infantil				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Chao Fernandez, Rocio	Correo electrónico	rocio.chao@udc.es		
Profesorado	Chao Fernandez, Rocio	Correo electrónico	rocio.chao@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta asignatura está encamiñada a proporcionar aos graduados en Educación Infantil os fundamentos psicopedagóxicos, as estratexias didácticas e os procedementos necesarios para programar os contidos Musicais do currículo de Educación Infantil.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen. Manteránse todas as metodoloxías, desenvolvéndose a través do Teams.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican. Non é preciso modificar ningunha metodoloxía.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. En caso de situacións de alarma, atenderase ao alumnado en horario de titorías, e noutros horarios, tanto a través do correo electrónico como da plataforma TEAMS.</p> <p>4. Modificacións na avaliación. Non hai modificacións, xa que está prevista unha avaliación continua. A correspondente presentación do traballo final farase de forma virtual.</p> <p>*Observacións de avaliación: Non hai</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía. Non hai modificacións</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
A55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
A57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
B1	Aprender a aprender.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.	A54		
Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.	A55		
Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.	A57		
Aprender a aprender.		B1	
Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.		B22	
Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.		B25	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I Coñecer as novas correntes pedagóxico-musicais e a visión das máis divulgadas metodoloxías musicais.	1.1.- Evolución da pedagogía musical 1.2.- Método Dalcroze 1.3.- Método Kodaly 1.4.- Método Orff 1.5.- Método Willems 1.5.- Método Martenot 1.6.- Método Ward 1.7.- Método Suzuki 1.8.- Wuytack 1.9.- Tendencias actuais
MÓDULO II Coñecer os principios da Educación Musical escolar, aplicando os métodos e sistemas actuais de Pedagogía Musical.	2.1.- Aplicación didáctica e práctica das diferentes metodoloxías de Educación Musical 2.2.- Educación Musical inclusiva
MÓDULO III Aprender a ensinar e a expresarse e comunicarse utilizando códigos, recursos expresivos e técnicas básicas propias da Linguaxe Musical.	3.1.- Adquirir recursos didácticos para o desenvolvemento auditivo, rítmico e vocal e ser capaz de manifestarse a través de códigos musicais.
MÓDULO IV Desenvolver habilidades técnicas para a correcta interpretación de sinxela obras musicais interpretadas con voz, frauta de pico e instrumental Orff.	4.1.- Aprender a ensinar o modo de expresarse musicalmente a través dos instrumentos musicais escolares.
MÓDULO V Aprender cómo ensinar a interpretar danzas populares e xogos infantís a través da expresión corporal.	5.1.- Aprender a fomentar as capacidades perceptivo-motrices mediante actividades de movemento e expresión corporal.



MODULO VI: Introducción ás TIC e novas tecnoloxías aplicadas ao ensino musical.	6.1. Secuenciación MIDI. 6.2. Edición de partituras. 6.3. Edición de audio. 6.4. Transferencia de arquivos. 6.5. Emprego de programas software libre
---	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A54 A55 B1 B22 B25 C3	3	15	18
Proba mixta	A54 B1 C7	1	4	5
Obradoiro	A54 A55 C7	14	14	28
Investigación (Proxecto de investigación)	A57 C8	1	11	12
Sesión maxistral	B1 B22 C7 C8	10	20	30
Prácticas a través de TIC	A57 B1 B25	1	2	3
Lecturas	A57 B1 B22	1	5.5	6.5
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes baixo a tutela do profesor/a e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do cándo, qué e cómo facer as cousas. Basease en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba mixta	Esta proba realizarase en dúas fases: a primeira (escrita) consistirá na formulación de preguntas e exercicios prácticos relacionados co temario oficial. A segunda (oral) consistirá na execución dunha ou varias cancións (a elección do/a docente), de entre as obrigatorias do curso. As cancións leeranse e medirán (solfexo), cantaranse a capella e interpretaranse con frauta.
Obradoiro	<p>Momentos de traballo presencial co profesor/a, polo que implica unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento no que se desenvolverán se indicará en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> <p>En xeral consistirá na interpretación de diferentes partituras de Conxunto Instrumental baixo a dirección do profesor/a. Será necesario obter un mínimo de 10 prácticas correctamente realizadas para superar este apartado. Implica a obrigatoriedade da asistencia a clase por parte do alumnado.</p> <p>Dado que se trata dunha práctica grupal, na súa avaliación terase en consideración a capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados.</p>
Investigación (Proxecto de investigación)	Plantearase un traballo de investigación relacionado coa materia. As orientacións do profesor/a guiarán ao discente no proceso de realización. Para elo plantearanse lecturas obrigatorias e recomendadas.
Sesión maxistral	<p>Nas sesións magistrais traballarase os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, actividades dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introductoria de cada un dos distintos temas do programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>



Prácticas a través de TIC	Emprego de recursos informáticos tanto para a realización dos traballos tutelados, como para a investigación, onde se deberá facer unha análise estatística dos resultados. As Tic tamén se poden empregar como recurso complementario para a práctica do dictado musical.
Lecturas	Conxunto de textos e documentación escrita que van recollendo e editando como fonte de profundización nos contidos traballados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación)	Para a súa realización é importante consultar co profesor/a os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso para asegurar a calidade dos traballos dacordo aos criterios que se indicarán. O seguemento farase preferentemente de forma individualizada.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A54 A55 C7	Momentos de traballo presencial co profesor/a que implica unha participación obrigatoria por parte do alumnado.	25
Proba mixta	A54 B1 C7	Proba que integra diferentes formas de comprobar si a aprendizaxe foi significativa. Constará de varias partes: a.- Lectura e medida (solfeo). (25%) b.- Entoación a capella. (30%) c.- Interpretación con frauta de pico. (30%) d.- Emprego de TIC aplicadas a E. Musical. (15%) Este apartado irase avaliando nas clases diarias. Só deberá realizar o exame final o alumnado non presencial ou aquel que non supere o mínimo de asistencia.	25
Traballos tutelados	A54 A55 B1 B22 B25 C3	As orientacións iniciais do profesor/a guiarán ao alumnado no proceso do traballo, permanecendo ao seu lado para as consultas necesarias.	25
Investigación (Proxecto de investigación)	A57 C8	Presentación e defensa oral dun traballo de investigación sobre un tema relacionado coa materia na que se valorarán os seguintes aspectos: 1. Profundidade dos contidos. 2. Emprego da linguaxe apropiada. 3. Emprego adecuado das fontes documentais. 4. Seguridade e claridade na exposición oral.	25

Observacións avaliación



Para aprobar a asignatura é necesario obter un 5 en cada un dos apartados anteriores. No caso contrario non se fai media.

Na parte de Obradoiro, como se trata dunha interpretación instrumental grupal, o estudante que non poida realizar as 10 prácticas mínimas obrigatorias (por ser alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa académica) deberá vir á proba acompañado como mínimo de catro persoas. No caso de non ser posible isto, o discente examinaráse cun acompañamento instrumental das pezas en formato dixital realizado por él. En todos os epígrafes a porcentaxe da avaliación será a mesma que a do alumnado asistente, que é a que figura en cada un dos apartados das probas, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exámes como nos traballos, as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de tachaduras, etc. Todo elo suporá redución de puntos sobre a nota obtida.

Para non interferir no desenvolvemento do resto das materias, evitarase tocar instrumentos musicais nos pasillos e noutras áreas comúns da Facultade, polo que o alumnado deberá solicitar ao profesorado a reserva da aula de usos múltiples (cando sexa posible e esté libre) có fin de realizar os ensaios de frauta e da coreografía nese espazo.

En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. En caso de reiteración, daráse traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas.

Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregarase material de reciclaxe e evitarase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se empregarán plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores.

Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.



Bibliografía básica

- ALSINA, P. (1997). El área de la educación musical: propuestas para aplicar en el aula. . Barcelona:Graó
 - CHAO FERNÁNDEZ; R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad.. Vilalba: Conservatorio Municipal.
 - HEGYI, E. (1999). Método Kodály de solfeo vol. I y II. . Madrid: Pirámide
 - HEMSI DE GAÍNZA, V. (2002). Música: amor y conflicto. Diez estudios de psicopedagogía musical. Buenos Aires. Lumen
 - HEMSI DE GAÍNZA, V. (2002). Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa.. Buenos Aires. Lumen
 - MARTENOT, M. (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación. . Madrid: Rialp.
 - ROMÁN-GARCÍA, S. (2016). LenMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80
 - ROMÁN-GARCÍA, S. (2017). JalMus. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78
 - ROMÁN-GARCÍA, S. (2016). MuseScore. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76
 - SANJOSÉ HUGUET, V (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia:Piles
 - SANUY, M. y GONZÁLEZ SARMIENTO, L. (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. Introducción.. Madrid: Unión Musical Española.
 - SANUY, M. y GONZÁLEZ SARMIENTO, L. (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. . Madrid: Unión Musical Española.
 - SCHOLZ, L (1981). Educación musical en Hungría. (Revisión española de M. Angulo).. Budapest: Real Musical/Corvina Kiad.
 - SWANWICK, K. (1991). Música, pensamiento y educación. . Madrid: Morata M.E.C.
 - WILLEMS, E. (1979). Las bases psicológicas de la educación musical. . Buenos Aires: Eudeba.
 - WILLEMS, E. (1981). El valor humano de la educación musical. Barcelona: Paidós
- ALSINA, P. (1997). El área de la educación musical: propuestas para aplicar en el aula. Barcelona:Graó.CHAO FERNÁNDEZ; R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad. Vilalba: Conservatorio Municipal.HEGYI, E. (1999). Método Kodály de solfeo vol. I y II. Madrid: Pirámide.HEMSI DE GAÍNZA, V. (2002) Música: amor y conflicto. Diez estudios de psicopedagogía musical. Buenos Aires: LumenHEMSI DE GAÍNZA, V. (2002). Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa. Buenos Aires: Lumen.MARTENOT, M. (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación. Madrid: Rialp.ROMÁN-GARCÍA, S. (2016). ?LenMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80, 2016.ROMÁN-GARCÍA, S. (2017). ?JalMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78, 2017.ROMÁN-GARCÍA, S. (2016). ?MuseScore?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76, 2016.SANJOSÉ HUGUET, V. (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia: Piles.SANUY, M. y GONZÁLEZ SARMIENTO, L. (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. Introducción. Madrid: Unión Musical Española.----, (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. Madrid: Unión Musical Española.SCHOLZ, L. (1981). Educación musical en Hungría. Budapest: Real Musical/Corvina Kiad.SWANWICK, K. (1991). Música, pensamiento y educación. Madrid: Morata M.E.C.WILLEMS, E. (1979). Las bases psicológicas de la educación musical. Buenos Aires: Eudeba.----, (1981). El valor humano de la educación musical. Barcelona: Paidos. ALSINA, P. (1997). El área de la educación musical: propuestas para aplicar en el aula. Barcelona:Graó.CHAO FERNÁNDEZ; R. (2005). Fundamentos didácticos de los métodos pedagógicos del siglo XX a la actualidad. Vilalba: Conservatorio Municipal.HEGYI, E. (1999). Método Kodály de solfeo vol. I y II. Madrid: Pirámide.HEMSI DE GAÍNZA, V. (2002) Música: amor y conflicto. Diez estudios de psicopedagogía musical. Buenos Aires: LumenHEMSI DE GAÍNZA, V. (2002). Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa. Buenos Aires: Lumen.MARTENOT, M. (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación. Madrid: Rialp.ROMÁN-GARCÍA, S. (2016). ?LenMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 69, pp. 79-80, 2016.ROMÁN-GARCÍA, S. (2017). ?JalMus?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 70, pp. 76-78, 2017.ROMÁN-GARCÍA, S. (2016). ?MuseScore?. Eufonía. Didáctica de la Música, vol. 67, pp. 74-76, 2016.SANJOSÉ HUGUET, V. (1997). Didáctica de la Expresión Musical para maestros. Valencia: Piles.SANUY, M. y GONZÁLEZ SARMIENTO, L. (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. Introducción. Madrid: Unión Musical Española.----, (1969). ORFF Shulwert. Música para niños. Madrid: Unión Musical Española.SCHOLZ, L. (1981). Educación musical en Hungría. Budapest: Real Musical/Corvina Kiad.SWANWICK, K. (1991). Música, pensamiento y educación. Madrid: Morata M.E.C.WILLEMS, E. (1979). Las bases psicológicas de la educación musical. Buenos



Aires: Eudeba.----, (1981). El valor humano de la educación musical. Barcelona: Paidós.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías